



Concello de Mugardos  
(A Coruña)

## Procedemento

### Código SIA

Expediente: PLN/2024/1

Trámite Acta.- Acta de sesión extraordinaria realizada con data 23.01.2024

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA VINTE E TRES DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

Sendo as oito horas e trinta e un minutos do vinte e tres de xaneiro do ano dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, réunese aos efectos de celebrar a sesión extraordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

<b>Cadro de asistencias</b>	
<b>Concelleiro/a</b>	<b>Asistencia</b>
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Excusa a súa asistencia
Iván Martínez González	Excusa a súa asistencia





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz, coa colaboración da auxiliar administrativa do servizo de Secretaría, Beatriz Santiago Yáñez.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

## **A) PARTE RESOLUTIVA**

**1º.- SECRETARÍA.- ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024: SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS.** Publicado no DOG. nº 243 de 26.12.2023, Decreto 150/2023, de 25 de diciembre, de disolución del Parlamento de Galicia y de convocatoria de elecciones para o vindeiro 18.02.2024, en atención aos sinalado na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e posteriores modificacións, Real Decreto 489/1995, de 3 de abril polo que se ditan normas reguladoras dos procesos electorais, e Decreto 605/1999, de 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais e as súas modificacións (Ordes Institucionais 529/2014 de 28 de marzo e 358/2015, de 27 de febreiro). De conformidade co artigo 26 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (modificado pola Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro):

1).- A formación das Mesas compete ós Concellos baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zona.

2).- O Presidente e os Vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na mesa da sección correspondente, que sexan menores de 70 anos e que saiban ler e escribir. O Presidente deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo grao, ou subsidiariamente, o de Graduado Escolar ou equivalente.

3).- Procédese da mesma forma o nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa. O artigo 25 da devandita Lei sinala que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais.

Para efectuar o indicado sorteo terase en conta a información subministrada pola Oficina Provincial do Censo Electoral, con lista de electores referidos ás Mesas dos Distritos e Seccións do termo municipal de Mugardos.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

A secretaria indica que xunto co sorteo principal realizaranse oito adicionais por cargo (presidente, 1º vogal e 2º vogal) para cubrir posibles posteriores necesidades de novos nomeamentos segundo as comunicacións que sexan dirixidas ao concello pola Xunta Electoral de Zona de Ferrol.

A continuación da comezo o sorteo levándose a cabo lectura pública do resultado do sorteo principal deixando copia dilixencia do mesmo e dos oito complementarios debidamente como Anexo á presente acta e no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 2617/2023.

O Pleno da Corporación considera correcto o sorteo efectuado sen formular ningunha observación, polo que lle presta conformidade, dispoñendo sexa remitido o resultado á Xunta Electoral de Zona.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non se contempla.

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non se contempla.

Sendo as oito horas e trinta e nove minutos do vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte e catro, non habendo máis asuntos que tratar, o Alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

*Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe*

Visto e prace  
O alcalde

Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria

Paula E. Ramos Díaz

